

**PUBLICACIÓN DA RELACIÓN DE PERSOAS ASPIRANTES QUE
SUPERARON O PROCESO SELECTIVO, MEDIANTE O SISTEMA DE
OPOSICIÓN, PARA A CONSTITUCIÓN E FUNCIONAMENTO DUNHA
BOLSA DE EMPREGO DE TRABALLADORAS/ES SOCIAIS**

De acordo co previsto na base novena, 9.2, das que rexen a convocatoria, o 30 de novembro de 2020, publicáronse no Auditorio Constante Liste, lugar onde se realizou o exercicio, e na páxina web municipal (www.teo.gal), as puntuacións obtidas polas persoas aspirantes no primeiro exercicio da fase de oposición, concedéndose un prazo de tres (3) días hábiles para os efectos de alegacións e/ou reclamacións, prazo que rematou o mércoles 2 de decembro de 2020, sen que se presentara ningunha alegación ou reclamación ao efecto, segundo se desprende do expediente.

De acordo coa base décima das que rexen a convocatoria, “*finalizado o proceso selectivo, o Tribunal adoptará o acordo propoñendo a relación das persoas aspirantes que integrarán a bolsa de emprego temporal para a categoría de traballador/a social, ordenadas de maior a menor puntuación obtida. En calquera caso, non poderán formar parte daquela as persoas que non teñan superado os exercicios obrigatorios da fase de oposición. Dito acordo farase público no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello, sinalando as puntuacións correspondentes a cada aspirante e con indicación, así mesmo, dos recursos procedentes*”.

De acordo co establecido na base citada, o 15 de decembro de 2020, reuniuse o Tribunal para adoptar o acordo relativo á proposta da relación das persoas aspirantes que integrarán a bolsa de emprego temporal para a categoría de traballador/a social, ordenadas de maior a menor puntuación obtida, segundo se detalla na presente, acordándose así mesmo corrixir un erro material detectado na puntuación outorgada a unha das aspirantes, D.^a María Manuela Zas Castro, ao figurar unha puntuación de 50,20 puntos, cando a puntuación correcta é de 50,40 puntos, sen que tal variación supoña porén ningunha alteración no resultado final do proceso de selectivo nin na orde das persoas aspirantes que superaron o mesmo.

De acordo co exposto, a puntuación definitiva das persoas aspirantes que realizaron o primeiro exercicio da fase de oposición, é o que se detalla a continuación, puntuación que é coincidente coa publicada o 27 de novembro de 2020, agás no caso de D.^a María Manuela Zas Castro, tendo en conta a corrección do erro material advertido.

PUNTUACIÓN DEFINITIVA DO PRIMEIRO EXERCICIO DA FASE DE OPOSICIÓN

APELIDOS	NOME	DNI	PUNTUACIÓN
ABEL ASOREY	ANDREA	***7431**	18,60
ALFONSO FRESCO	JENNIFER	***8847**	44,40
BARREIRO GARCÍA	MARÍA CARMEN	***5846**	18,40
CASTILLO GONZÁLEZ	ROSAURA	***6271**	17
DOVAL ÁLVAREZ	NATALIA	***6328**	33,80
GARCÍA – GESTO TOVAL	PAULA	***8975**	38,40
GÓMEZ ESCOURIDO	MARÍA CRISTINA	***9538**	44,80
GONZÁLEZ FAFIÁN	IRIA	***5894**	48,20
GONZÁLEZ SAR	BEATRIZ	***2966**	50,80
HERNANDO MARTÍNEZ	PAULA	***8963**	28
LAMAS LÓPEZ	LORENA	***4384**	48
LEAL SÁNDEZ	MIRIAN	***0989**	47,40
MONTERO LÓPEZ	YOLANDA	***9516**	20
MOSTEIRO VALLE	XOSÉ MANOEL	***2768**	45,80
MOURO PEÑA	ANA CRISTINA	***0551**	29,80
NARIÑO FACAL	MARÍA DOLORES	***3936**	16,20
NÚÑEZ CARRILLO	MARÍA JOSÉ	***0509**	46
OTERO FUENTES	LAURA	***9460**	25,40
PENÍN ÁLVAREZ	CARMEN	***1031**	40,20
PÉREZ PAZÓ	ANDREA	***5470**	46,60
RAMA GARCÍA	ALICIA	***4487**	45,40

RIVAS NOGUEIRA	GRACIELA	***4646**	50
SENRA SUÁREZ	LAURA	***7357**	47,40
VIEITES FREIRE	ADRIANA	***7022**	53,80
YÁÑEZ ROUCO	BEATRIZ	***3753**	28
ZAMORANO GARCÍA	LAURENTINA	***2313**	54,60
ZAS CASTRO	MARÍA MANUELA	***5357**	50,40

De acordo co exposto e coas bases que rexen a convocatoria, o Tribunal, o 15 de decembro de 2020, acordou:

Primeiro.- Propoñer a relación de persoas aspirantes que integrarán a bolsa de emprego temporal para a categoría de traballador/a social, ordenadas de maior a menor puntuación, segundo se detalla a continuación:

APELIDOS	NOME	DNI	NOTA
1.- ZAMORANO GARCÍA	LAURENTINA	***2313**	54,60
2.- VIEITES FREIRE	ADRIANA	***7022**	53,80
3.- GONZÁLEZ SAR	BEATRIZ	***2966**	50,80
4.- ZAS CASTRO	MARÍA MANUELA	***5357**	50,40
5.- RIVAS NOGUEIRA	GRACIELA	***4646**	50

Segundo.- Facer publico dito acordo mediante a súa publicación no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello, sinalando a puntuación definitiva correspondente a cada aspirante e con indicación, así mesmo, dos recursos procedentes.

Terceiro.- Elevar á Alcaldía a proposta de integración das persoas citadas na bolsa de emprego temporal de traballador/a social, para que dite a resolución aprobando a creación da citada bolsa, que se fará pública no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello, con indicación dos recursos procedentes.

De acordo co previsto na base décimo primeiro, os acordos do Tribunal **poderán ser impugnados** polas **persoas interesadas** nos casos e na forma establecidos pola **Lei 39/2015**, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas e normas vixentes concordantes.

Teo, 16 de decembro de 2020

A secretaria do Tribunal

Virginia Fraga Díaz